

Asociación Galega de Pais e Nais Separados

Estrada de Ombreiro Nº 116, 3º E 27004 Lugo

Tlfs: 627559460 - 664782590



AGPNS APOIA A CONTINUIDADE DE PREESCOLAR NA CASA

As novas teorías pedagóxicas e as novas políticas familiares e educativas confirman o que PREESCOLAR NA CASA vén facendo dende 1977.

Xa daquela PNC anticipouse ante as necesidades educativas de nenos e nenas e da propia sociedade. Empapados de cultura e de lingua galegas traballaron na formación de pais e nais, de mestres e mestras, nas escolas, nos propios fogares e mesmo en diferentes medios de comunicación. O seu traballo mesmo lles valeu o recoñecemento nacional e internacional, converténdose nun modelo ante organismos e institucións.

O seu compromiso con nenos e nenas, a promoción dunha cultura propia da infancia, levounos a participar e colaborar con diferentes institucións. A defensa do medio rural, da lingua e cultura propias, dos dereitos de nenos e nenas, a súa solidariedade cos sectores da poboación máis desfavorecidos, o seu apoio a non violencia, á igualdade, e á resolución pacífica dos conflitos e un longo etc, fan de Preescolar Na Casa unha institución que lonxe de desaparecer debera ser apoiada e mellorada como símbolo da calidade dunha sociedade.

Para nós, PNC ten un valor engadido xa que tal e como recomenda a Comunidade Europea defenden unha parentalidade positiva onde pai e nai teñen unhas funcións moi concretas e insustituíbles. **E neste asunto PNC tense pronunciado a favor da corresponsabilidade de pais e nais mesmo en situacións de separación e divorcio xa que é o único xeito en que os dereitos e os intereses superiores de nenos e nenas estean mellor defendidos.**

Non podemos prescindir da súa labor polo que pedimos e mesmo esiximos o mantemento do programa de PNC. De aí que apoiemos decididamente as mobilizacións que se leven a cabo na procura da restitución do seu papel nesta sociedade.

Lois M. Toirán Vázquez, en representación da AGPNS.

En Lugo a 24 de novembro de 2011.